



GUÍA DOCENTE DE **ITALIANO APLICADO I-II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, do 29 de Outubro)

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN |                        |          |          |          |               |    |     |           |                          |
|---------------------------------------|------------------------|----------|----------|----------|---------------|----|-----|-----------|--------------------------|
| DISCIPLINA: ITALIANO APLICADO I-II    |                        |          |          |          |               |    |     |           |                          |
| ESPECIALIDADE                         | Interpretación         |          |          |          | ITINERARIO    |    |     | Canto     |                          |
| CARÁCTER                              | Obrigatoria Específica |          |          |          | TIPO DE CLASE |    |     | Colectiva |                          |
| CURSOS                                | 1º curso               | 2º curso | 3º curso | 4º curso | DEPARTAMENTO  |    |     | Canto     |                          |
| CUADRIMESTRES                         | I                      | II       | III      | IV       | V             | VI | VII | VIII      | Horas de clase semanais: |
| ECTS/CUAD.                            | 1,5                    | 1,5      |          |          |               |    |     |           | Observacións:            |
|                                       |                        |          |          |          |               |    |     |           | 1 hora                   |

| 2. DESCRITOR E COMPETENCIAS      |   |
|----------------------------------|---|
| DESCRITOR:                       | Estudo da lingua italiana e permitan a comprensión do idioma. Autonomía no estudo das obras en lingua estranxeira, e conciencia sobre a importancia, riqueza e valor do coñecemento dunha lingua estranxeira utilizada na música clásica e romántica.   |
| COÑECEMENTOS PREVIOS:            | Os requeridos na proba de acceso; e para o segundo cuatrimestre, os adquiridos no cuatrimestre anterior.  |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: | Tanto o Italiano como o resto dos Idiomas presentes nos estudos da titulación están obviamente, en relación íntima e directa coas disciplinas que versan sobre todo o repertorio lírico (Repertorio Lied, Oratorio, Ópera, etc).<br>A disciplina Italiano Aplicado debe capacitar ao alumnado para coñecer, comprender e utilizar axeitadamente a lingua italiana nos textos do repertorio, sendo quen de comunicar as ideas poético-musicais co mellor sentido prosódico e expresivo, así como unha correcta articulación e dicción. |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:       | T1, T2, T4, T6, T13   |
| COMPETENCIAS XERAIS:             | X8, X11, X24, X25   |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:        | EI1, EI2, EI5, EI6  |

| 3. OBXECTIVOS  |  |
|--|--|
| DESCRICIÓN   | COMPETENCIAS RELACIONADAS                          |
| Pronunciar perfectamente os textos cantados en italiano.   | T2, T6, T13, X8, X11, X24, X25, EI1, EI2, EI5.     |
| Coñecer os aspectos prosódicos, fonolóxicos e fonéticos propios da lingua italiana.  | T1, T2, T6, T13, X8, X11, X24, X25, EI1, EI2, EI5. |
| Coñecer a música vocal en lingua italiana e poder comprender o sentido expresivo dos seus textos, a través da análise dos seus textos poéticos e dramáticos. | T1, T2, T4, T6, T13, X8, X11, X24, X25, EI2, EI6.  |
| Profundar nos coñecementos gramaticais que permitan comprender a estrutura do idioma.  | T1, T2, T4, T6, T13, X8, X11, X24, X25, EI2, EI6.  |
| Desenvolver os recursos vocais que lle permitan aplicar os coñecementos de fonética e prosodia particulares da lingua italiana.                              | T1, T2, T6, T13, X8, X11, X24, X25, EI1, EI2, EI5. |



#### 4. CONTIDOS

|  |
|--|
| Fonoloxía e prosodia do Italiano. Transcrición fonética segundo A.P.I.               |
| Articulación e Dicción do Italiano. Lectura fluída.                                  |
| Comprensión dos textos poéticos, sacros e teatrais do repertorio no idioma italiano. |
| Coñecemento do repertorio italiano.  |
| Metodoloxía de traballo autónomo. Prácticas individuais de transcrición e lectura.   |

#### 5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

| ACTIVIDADE E DESCRICIÓN   | CUALIDADE   | TEMPORALIZACIÓN          |
|---|---|--------------------------|
| Clases Prácticas (Exposición teórico-práctica, para introducir os aspectos teóricos e prácticos aplicables no repertorio a estudar) | Presencial  | Permanente               |
| Traballo Persoal (Tempo de estudo individual do alumno)   | Non presencial                                      | Permanente               |
| Titorías (atención particular aos alumnos/as)   | Non presencial na clase (tempo especial de titoría) | Esporádica               |
| Audicións (Interpretación en audición pública do repertorio traballado durante as clases)   | Presencial  | Ao final do cuadrimestre |

#### 6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

\*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.